

## PREGARIA AO NENO-LUZ

*En memoria de  
Marcial González Vigo...  
Nosas serán as súas verbas*

A Ti, Neno de Luz, que habitas a Chá, nado en Begonte, nunhas pallas,  
perdido entre silencios da xente que traballa, coa suor na fronte,  
esta terra longa, inmensa de corazón en lenta ollada.

A Ti, Neno de Luz, vai este pranto en verbas e derrotado en bágoas;  
que esta pregaria busca, entre soños compracidos, a Luz da túa alborada.

En Ti, Neno, confío recendos de amencerces, sabéndome no orgullo  
da orixe de chairego. E está chegando o frío no medio deste inverno,  
e vén cheo de fame. Eu vénoche dicir, Neno de Luz, que cómpre  
saber desa Luz Túa, para que xordan ternuras, calor que amor debulla  
e o pan que non nos falte, nin abrigo e sustento con algo de sosego.

Que andan as tebras a sucar a noite,  
a romper o día en sombras de destino incerto.  
Andan as fondas, negras de escuras noites a ser más noite  
para abondar na nosa pertinaz cegueira.  
Porque non vemos a Luz que Ti prodigas,  
a túa Luz de esperanza, na memoria que subsiste,  
nesta ruína enorme que precipita o mundo  
a vagar nas soildades do silencio  
e do medo, nesa obstinada tristura  
do que compra e do que vende,  
comerciantes da existencia, escépticos

do brillo das estrelas, da razón, do entendemento.  
Veñen da dureza –en corazón– dos poderosos,  
dos graciosos potentados de diñeiro,  
na cruidade soberana, intransixencia,  
e na inxustia das leis que os homes tecen.  
Chegará por fin ese acto responsable,  
rebelde da última prostración, cos pobres e os humildes,  
cos negados, marxinais, ...xente sen teito,  
proclamar dunha vez esa Túa Luz,  
na defensa desconforme que reflecta o teu mandado,  
o do Amor, única patria para rexer tanta xente  
e tanta Terra, toda a Terra e os seus pobos,  
combatendo estas sombras  
que nós mesmos cargamos de miserias,  
e no frío da pedra, baixo esta lousa  
que nos trae asoballados, sumidos en tanta dor,  
na más profunda tristeza!.